



R renova o seu patrocinio co Círculo de Empresarios para seguir mellorando a competitividade das empresas na era dixital

- *O presidente do Círculo de Empresarios de Galicia e o director de R renovaron esta mañá o convenio de patrocinio na sede do Círculo de Empresarios en Vigo.*
- *Entre outras accións, co convenioponse en marcha o segundo ciclo dedicado ás mulleres na empresa actual e abórdase a realización de vídeos con casos de éxito de R.*
- *Por outra banda, o Círculo e R continúan sendo socios tecnolóxicos: o operador galego exercerá como asesor dixital dos/as asociados/as da entidade para apoiarlles na xestión e optimización das axudas europeas do programa Kit Dixital.*

Mércores, 14 de decembro de 2022.- Manuel Rodríguez, presidente do Círculo de Empresarios de Galicia, e Alfredo Ramos, director de R, renovaron esta mañá, na sede do Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo, o acordo que revalida a R como **patrocinador** da entidade ata xuño do ano que vén.

Esta colaboración dálle percorrido a unha alianza mantida dende hai anos co propósito de abordar proxectos e accións que sempre teñen implicado valor para o tecido empresarial galego. Ratifícase, por tanto, o compromiso con Galicia da entidade empresarial e de R, e a súa confianza mutua, dándolles continuidade a esas vías de colaboración abertas dende entón con iniciativas que procuran, en última instancia, o desenvolvemento socioeconómico da comunidade.

Manuel Rodríguez, presidente do Círculo de Empresarios de Galicia, destacou que *“o acordo que hoxe renovamos con R é estratéxico para a nosa entidade porque reafirma a nosa aposta pola formación nun escenario dixital cun socio tecnolóxico galego, que á vez exerce como asesor dixital dos nosos asociados”*.

O director de R, Alfredo Ramos, considera *“esencial manter viva a colaboración entre R e o Círculo porque poñemos en marcha, de xeito conxunto, iniciativas de valor e proxectos formativos que manteñen a salvo a nosa vocación compartida de apoio á contorna empresarial galega”*. Ramos destacou que nesta ocasión *“ese respaldo é aínda máis importante porque R poderá acompañar os/as asociados/as do Círculo como asesor dixital para que xestionen facilmente e aproveiten ao máximo as axudas europeas canalizadas no programa Kit Dixital do goberno de España”*.

Acento na ciberseguridade

Pola relevancia cada vez maior da seguridade en contornas dixitais, **R participa tamén na 4.ª edición do Foro de Ciberseguridade do Círculo**. No encontro analizarase con detalle o contexto en que se moven as empresas na actualidade, os riscos que corren na rede e a necesaria concienciación e cambios que debe experimentar a organización dunha maneira transversal para enfrontarse e protexerse nesta nova conxuntura.

Nova edición de “As mulleres na empresa actual”

Ademais, ata o próximo mes de xuño de 2023 o operador galego colabora institucionalmente, por segunda vez, nun ciclo de encontros enmarcados no **programa “As mulleres na empresa actual”** dedicados a iniciativas de igualdade de xénero na empresa: *“A muller, no centro do cambio empresarial”*, *“O papel das mulleres na actividade empresarial, un alicerce de presente e de futuro”*, *“Mulleres directivas e emprendedoras”*, *“Mulleres no ecosistema emprendedor tecnolóxico”*, *“Inspirando: casos de éxito en diversidade de xénero”* e *“Mulleres e tecnoloxía: o reto do STEAM”*.

Asesorando sobre o programa Kit Dixital

Ademais, o Círculo e R continúan sendo socios tecnolóxicos: o operador galego poderá exercer como **asesor dixital dos/das asociados/as** da entidade para apoialos na xestión e optimización das axudas europeas do programa Kit Dixital. Para iso, ao longo de 3 sesións informativas R explicou con detalle a todos os socios en que consiste e como solicitalas.

Tendo en conta as inxentes oportunidades e vantaxes que ofrece a contorna dixital, este exercicio a colaboración entre o Círculo e R traducirase en encontros presenciais, mais tamén en actividades virtuais e eventos híbridos que combinarán a interacción en ambos os dous formatos.

sobre o Círculo de Empresarios de Galicia

O Círculo de Empresarios de Galicia, concibido hai 30 anos como punto de encontro para empresarios/as, directivos/as e profesionais, eríxese como foco central de negocios na comunidade dende a súa sede en Vigo. É parte activa da sociedade civil e pretende contribuír ao desenvolvemento e benestar socioeconómico de Galicia. Así, entre os seus obxectivos atópanse: impulsar unha cultura emprendedora e dinámica; reforzar o liderado social e económico de Galicia e impulsar o desenvolvemento e consolidación da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal; ser unha organización de referencia para os organismos públicos e as forzas sociais en todos os temas que lle afecten ao desenvolvemento económico; fomentar o intercambio de experiencias e a difusión de análises socioeconómicas e novas tendencias co fin de contribuír á competitividade das empresas galegas e fortalecer un marco de relacións empresariais que promova a cooperación entre os empresarios e axude ao acceso a novas oportunidades de negocio.

sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. **R** é, ademais, unha das empresas do Grupo MASMOVIL que, en menos dun ano, se converteu na súa insignia en Galicia. A integración de **R** no Grupo MASMOVIL está a supoñer un impulso aos resultados do operador galego, polas súas afinidades nos valores esenciais de orientación ao cliente, axilidade, sostibilidade ou proximidade. Entre eses logros están tamén superar a cifra de 1,3 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e o 70 % da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal